

**materia**

Dereito penal I

unidade didáctica **16**

# As penas privativas de liberdade

Miguel Abel Souto

Departamento de Dereito Público Especial  
Facultade de Dereito



VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE

**titulación**

Grao en Dereito





unidade didáctica 16

# **As penas privativas de liberdade**

Miguel Abel Souto  
Departamento de Dereito Público Especial  
Facultade de Dereito



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

**Deseño**

Unidixital

**Edita**

Vicerreitoría de Extensión Universitaria,  
Cultura e Sociedade da  
Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

**Imprime**

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da  
Universidade de Santiago de Compostela

**Dep. Legal:** C 265-2011

**ISBN** 978-84-9887-563-8

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.  
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta  
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-  
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen  
consentimento expreso por escrito dos editores.

**MATERIA: Dereito penal I.**

**TITULACIÓN: Dereito**

**PROGRAMA XERAL DO CURSO**

Localización da presente unidade didáctica

**INTRODUCCIÓN**

**Unidade I. Concepto de Dereito penal:**

1. Concepto e caracteres do Dereito penal.
2. Natureza.
3. Relacións do Dereito penal:
  - A) Coas ciencias xurídicas.
  - B) Coas ciencias criminolóxicas.
  - C) As chamadas ciencias auxiliares do Dereito penal.

**Unidade II. As fontes do Dereito penal:**

1. A lei.
2. O principio de legalidade.
3. Posibilidade de admitir outras fontes.
4. A interpretación da lei penal:
  - A) Clases e regras de interpretación.
  - B) A analoxía.
  - C) Concurso aparente de normas penais.

**Unidade III. A lei penal no tempo:**

1. Eficacia temporal das leis penais.
2. O principio xeral: irretroactividade da lei penal.
3. A excepción: retroactividade da lei penal máis favorable.

**Unidade IV. A lei penal no espazo:**

1. Principios reguladores.
2. Lugar de comisión do delito.
3. A extradición. A orde europea de detención e entrega.

**TEORÍA XURÍDICA DO DELITO**

**Unidade V. O delito:**

1. Concepto do delito.
2. Suxeitos e obxectos do delito:
  - A) Suxeito activo e pasivo.
  - B) Obxecto material e xurídico.
3. Clasificacións do delito.

**Unidade VI. A acción:**

1. Formas da acción: acción en sentido estrito e omisión.
2. As diversas concepcións da teoría da acción.
3. A acción e os seus elementos.
4. A omisión: concepto e natureza.
5. As clases de omisión:
  - A) A omisión simple.
  - B) A comisión por omisión.
6. Ausencia de acción:
  - A) Movements reflexos.
  - B) Estados de plena inconsciencia.
  - C) Forza irresistible.

### **Unidade VII. A tipicidade-antixuridicidade:**

1. A tipicidade:
  - A) Concepto.
  - B) Elementos.
  - C) Funcións do tipo.
2. Ausencia de tipicidade.
3. A antixuridicidade: Concepto. Os elementos subxectivos do inxusto.
4. Ausencia de antixuridicidade:
  - A) Lexítima defensa.
  - B) Estado de necesidade.
  - C) Cumprimento dun deber e exercicio lexítimo dun dereito, oficio ou cargo.
  - D) O consentimento do ofendido.

### **Unidade VIII. A culpabilidade:**

1. Concepto e estrutura.
2. Natureza: as distintas teorías.
3. A imputabilidade: Concepto. Momento da imputabilidade: "actiones liberae in causa".
4. Ausencia de imputabilidade:
  - A) Anomalía ou alteración psíquica. Trastorno mental transitorio.
  - B) Intoxicación plena por bebidas alcohólicas ou drogas. Síndrome de abstinencia.
  - C) Alteración grave da conciencia da realidade.
5. A responsabilidade penal do menor.

### **Unidade IX. A culpabilidade (continuación).**

6. As formas de culpabilidade:
  - A) O dolo: Concepto. Elementos. Clases.
  - B) A culpa: Concepto e clases.
7. Ausencia de formas de culpabilidade: o erro.
8. A esixibilidade de conduta adecuada á norma: a súa significación xurídico-penal.
9. Ausencia de esixibilidade. Causas de inculpabilidade baseadas no principio de non esixibilidade:
  - A) Estado de necesidade subxectivo.
  - B) Medo insuperable.

### **Unidade X. A punibilidade:**

1. Significación dogmática da punibilidade.
2. As condicións obxectivas de punibilidade.
3. Ausencia de punibilidade: As escusas absolutorias.

### **Unidade XI. O "iter criminis":**

1. Actos internos.
2. Actos preparatorios:
  - A) Tipos construídos especificamente sobre actos preparatorios.
  - B) Conspiración, proposición e provocación para delinquir.
3. Actos de execución: a tentativa.
4. A consumación.

### **Unidade XII. A participación no delito:**

1. Autoría: autoría directa, coautoría e autoría mediata.

2. As formas de participación: indución, cooperación necesaria e complicidade.
3. Supostos especiais.

**Unidade XIII. Unidade e pluralidade de delitos:**

1. Pluralidade de accións e unidade de delito:
  - A) Delito continuado.
  - B) Delito permanente.
  - C) Delito habitual.
2. Pluralidade de accións e de delitos (concurso real).
3. Unidade de acción e pluralidade de delitos (concurso ideal).

**Unidade XIV. As circunstancias que modifican a responsabilidade criminal:**

1. Cuestións comúns ás circunstancias atenuantes e agravantes.
2. Atenuantes:
  - A) Eximentes incompletas.
  - B) Atenuantes xenéricas.
  - C) Atenuantes por analoxía.
3. Agravantes.
4. A circunstancia mixta.

**AS CONSECUENCIAS XURÍDICAS DO DELITO**

**Unidade XV. A pena:**

1. Concepto.
2. Fundamento e fins: as diversas teorías. III. A clasificación das penas no Código penal.

**Unidade XVI. As penas privativas de liberdade:**

1. Clases e cumprimento: prisión, localización permanente e responsabilidade persoal subsidiaria.
2. Formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade:
  - A) Suspensión da súa execución.
  - B) A súa substitución por outras penas.

**Unidade XVII. As penas privativas de dereitos:**

- Concepto e clases.  
A PENA DE MULTA: multa proporcional e sistema de días-multa.  
CONSECUENCIAS ACCESORIAS: especial referencia ao comiso.

**Unidade XVIII. A determinación da pena:**

1. Individualización legal, xudicial e administrativa.
2. A determinación da pena no Código penal:
  - A) A metade superior e inferior. A pena superior e inferior en grao.
  - B) Regras para a determinación da pena:
    - a) O grao de execución.
    - b) A forma de participación.
    - c) A concorrencia de circunstancias modificativas.
    - d) O concurso de delitos.
    - e) Supostos especiais.

**Unidade XIX. A extinción da responsabilidade criminal:**

1. Causas.

2. Cancelación de antecedentes penais.

**Unidade XX. A responsabilidade civil e custas procesuais:**

1. A responsabilidade civil nacida de delito ou falta:
  - A) Contido.
  - B) Persoas civilmente responsables.
2. As custas procesuais.
3. Cumprimento da responsabilidade civil.

**Unidade XXI. As medidas de seguridade:**

1. Concepto. Fundamento. Clases.
2. Penas e medidas de seguridade.
3. As medidas de seguridade na lexislación española.



## ÍNDICE

---

|   |    |
|---|----|
| <b>Presentación</b> .....   | 9  |
| <b>Os obxectivos</b> .....  | 9  |
| <b>A metodoloxía</b> .....  | 10 |
| <b>Os contidos</b> .....  | 10 |
| 1. Clases de penas privativas de liberdade e cumprimento .....                  | 10 |
| 1.1. Prisión .....  | 10 |
| 1.1.1. Definición .....   | 10 |
| 1.1.2. Duración .....   | 11 |
| 1.1.3. Crise .....  | 11 |
| 1.1.4. Cumprimento .....  | 12 |
| 1.2. Localización permanente .....  | 14 |
| 1.2.1 Incoherente denominación .....  | 14 |
| 1.2.2. Duración .....   | 15 |
| 1.2.3. Execución .....  | 15 |
| 1.3. Responsabilidade persoal subsidiaria .....                                 | 16 |
| 1.3.1. Introducción .....   | 16 |
| 1.3.2. Duración .....   | 16 |
| 1.3.3. Cumprimento .....  | 17 |
| 2. Formas substitutivas da execución das penas privativas de<br>liberdade ..... | 17 |
| 2.1. Suspensión da súa execución .....  | 17 |
| 2.2. A súa substitución por outras penas .....                                  | 19 |
| <b>Actividades propostas</b> .....  | 20 |
| <b>A posta en práctica desta UD / Avaliación da UD</b> .....                    | 21 |
| <b>Anexos</b>   |    |
| Anexo 1: Texto obxecto de debate no café-coloquio .....                         | 22 |
| Anexo 2: Auto xudicial para o seu comentario .....                              | 22 |
| <b>Bibliografía</b> .....   | 24 |



## PRESENTACIÓN

---

A unidade didáctica *as penas privativas de liberdade* está destinada aos alumnos de segundo curso da Facultade de Dereito e forma parte do terceiro bloque, sobre as consecuencias xurídicas do delito, da materia Dereito penal I.

No que atinxe á súa duración, serán precisas 3 horas de clases expositivas e outras 3 prácticas ou interactivas, pero ademais serán necesarias 2 horas para un café-coloquio, 4 para un videofórum, 8 para a realización individual dun comentario a unha resolución xudicial, 12 para a elaboración de traballos en grupo e outras 12 para a realización dunha memoria final.

Partindo destas premisas a presente unidade didáctica pretende afrontar xuridicamente o estudo das penas privativas de liberdade, que constitúen as sancións máis graves de todo o Ordenamento xurídico. Concretamente, analizarase a regulación no Código penal (CP) da prisión, a localización permanente e a responsabilidade persoal subsidiaria por non pagamento da multa, a súa aplicación xurisprudencial e as discusións da doutrina ao respecto.

Asemade, a crise da pena de prisión fará precisa a busca de alternativas que se atoparán en institucións como a suspensión e a substitución, que serán abordadas en segundo termo.

En síntese, cando se estuda a prisión e os seus substitutivos analízase o alicerce mesmo do Dereito penal, estase volvendo constantemente aos seus principios básicos, o fundamento e os fins da pena.

## OS OBXECTIVOS

---

Ao rematar a unidade didáctica o alumno será capaz de:

- Dominar os conceptos básicos relativos ás penas privativas de liberdade e ás alternativas á prisión.
- Coñecer a aplicación por xuíces, tribunais e institucións penitenciarias das normas sobre execución de penas contidas no Código penal, a Lei orgánica xeral penitenciaria e o seu regulamento.
- Salientar os problemas prácticos e político criminais que presenta a execución da prisión, especialmente, así como doutras penas privativas de liberdade e ofrecer vías de solución mediante propostas *de lege ferenda*.
- Manexar con destreza os textos legais, xurisprudencia, monografías, revistas científicas e internet como ferramentas de información que faciliten a resolución de dúbidas sobre as penas privativas de liberdade e as súas alternativas.

## **OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

---

As clases teóricas ou expositivas estarán presididas polo principio orteguiano da economía no ensino, polo que renunciarán á exhaustividade de contidos e interpretacións doutrinais, que se remitirán aos manuais e á bibliografía específica: o importante será ofrecer un esquema claro dos conceptos esenciais.

Non obstante, as clases expositivas serán complementadas cunha docencia interactiva que fomente a participación do estudante. Así, realizarase un café-coloquio sobre a crise da pena de prisión e un videofórum sobre a súa execución, iniciativas nas que o ambiente distendido favorece a interacción. Xunto coas finalidades de desenvolver o pensamento crítico, facilitar a comprensión da materia e afianzar o coñecemento, as clases prácticas deben familiarizar ao alumno coa utilización de instrumentos normativos, bibliográficos e, especialmente, xurisprudenciais. Para isto, extraerase un suposto de feito dunha resolución xudicial, que consta no anexo II, que será comentada individualmente con cita da bibliografía recomendada.

Tamén se fomentará a aprendizaxe colaborativa mediante traballos en grupos reducidos sobre epígrafes da unidade didáctica, que, despois do asesoramento do profesor, serán expostos na clase. Finalmente, a materia de Dereito penal I que ofrece o Campus virtual servirá para participar nos foros de debate, acceder ao texto das últimas reformas penais e, a través do correo electrónico, facilitar o acceso ao profesor fóra do horario das titorías presenciais.

## **OS CONTIDOS BÁSICOS**

---

### **1. Clases de penas privativas de liberdade e cumprimento**

O artigo 35 do CP enumera como clases de penas de privación de liberdade a prisión, a localización permanente e a responsabilidade persoal subsidiaria por non pagamento da multa.

#### **1.1. Prisión**

##### **1.1.1. Definición**

A prisión constitúe a pena privativa de liberdade por excelencia, representa a sanción máis grave da lexislación penal española e resulta a imposta con maior frecuencia. Pode definirse como a consecuencia xurídica do delito consistente nunha privación de liberdade continua, baixo un réxime de actividades, nun establecemento penitenciario. Sobre todo privase da liberdade de movementos, pois o penado xa non pode elixir o lugar de residencia nin distribuír o seu tempo se non é dentro do marco da pena e do grao penitenciario en que se atope clasificado (art. 25 da CE), aínda que a

prisión tamén anula ou limita outras liberdades fundamentais, coma as de expresión, reunión, manifestación, asociación, sindicación ou a liberdade sexual, ademais doutros dereitos civís, económicos e familiares.

### **1.1.2. Duración**

Polo que atinxe ao límite mínimo da prisión, o artigo 36 do CP sinalaba que era de seis meses, pero a reforma do 25 de novembro de 2003 rebaixouno a tres meses. Non existe na parte especial ningunha pena de prisión por debaixo dese límite, que o lexislador quere manter a toda costa, polo que o artigo 71.2 obriga a substituír a prisión inferior a esta contía que resulte indirectamente en virtude dos mecanismos de determinación da pena. Así e todo, pódense producir por vías indirectas tres supostos nos que se aplique unha pena privativa de liberdade continua inferior a tres meses: a) naqueles casos en que o xuíz ordena o cumprimento da responsabilidade persoal subsidiaria de forma continuada ou mediante localización permanente e non en réxime de traballos en beneficio da comunidade (art. 53 do CP); b) ante o incumprimento da pena substitutiva, se a prisión que falta por cumprir é inferior aos tres meses (art. 88.2); e c) cando subsistan na lexislación penal especial penas inferiores a esa duración.

Respecto ao límite máximo, redúcese a 20 anos, fronte aos 30 do antigo CP. Agora ben, esta rebaixa é, por unha banda, nominal, xa que no CP vixente non opera a redención de penas polo traballo –que supoñía, *grosso modo*, a redución automática dun terzo da condena–, e, por outra, enganosa, posto que o límite máximo de 20 anos pode ser rebordado en varios casos –coma tales, os dos concursos de delitos, castigables con prisión de ata 25, 30 ou, dende a reforma do 30 de xuño de 2003, 40 anos (art. 76.1), e os das regras para a determinación da pena (art. 70.3.1ª)– e dado así mesmo que a lei establece para bastantes delitos unha prisión superior a 20 anos (artigos 140, 473, 485, 572, 605 e 607 bis do CP). Non contento con iso o lexislador substitúe na disposición transitoria undécima do propio CP a reclusión maior por unha pena de 15 a 20 anos, con cláusula de elevación a prisión de 20 a 25 anos cando concorran dúas ou máis agravantes.

### **1.1.3. Crise**

Por último, hoxe fálase dun “universal fracaso histórico” da prisión, do paradoxo que supón educar para a liberdade nunha situación de privación desta, dos efectos negativos da «prisionización» ou interiorización da subcultura carceraria –con normas e valores diferentes que se crean nese mundo separado da sociedade–, das psicoses carcerarias e das consecuencias «desocializadoras» para os condenados, con efectos contrarios aos que se pretendía conseguir. Malia a súa crise permanente, as penas privativas de liberdade continúan situándose no centro dos sistemas penais de todos os estados; por iso, de momento, o máis realista é aspirar a

que a prisión evite un novo delito e non produza a «desocialización», sen pretender supostos efectos benéficos.

#### **1.1.4. Cumprimento**

En España a execución das penas privativas de liberdade axústase ao sistema progresivo, que a LOXP denomina «sistema de individualización científica». O réxime progresivo dividía o cumprimento da prisión en graos que cada vez lle atribuían ao penado máis liberdade, confianza e responsabilidade. Catro son, segundo o artigo 72 da LOXP, os graos para executar as penas.

Polo que atinxe ao primeiro grao, cúmprese en establecementos de réxime pechado ou de máxima seguridade, con aumento do control e da vixilancia, incremento de cacheos e rexistros, limitación de actividades en común e ampliación do illamento en cela. O réxime pechado aplícase aos penados clasificados en primeiro grao polo seu perigo extremo ou inadaptación aos réximes ordinario e aberto (art. 10 da LOXP e arts. 74.3, 89 e ss. do RP). Por iso a maioría dos reclusos están clasificados no segundo grao.

Respecto ao segundo grao, cúmprese en establecementos de réxime ordinario ou de seguridade media. Consonte o artigo 74.1 do RP, «o réxime ordinario aplicaráselles aos penados clasificados en segundo grao, aos penados sen clasificar e aos detidos e presos». É o réxime máis común, polo que a meirande parte da normativa penitenciaria o toma como referencia. Tal e como establece o artigo 76 do RP, se guía polos principios de seguridade, orde e disciplina, os reclusos sepáranse en función das esixencias do tratamento, e o traballo e a formación serán actividades básicas na vida do centro que o aplique; ademais, existen maiores posibilidades de manter contactos co exterior.

Polo que toca ao terceiro grao, entraña a aplicación das normas de réxime aberto. Trátase dunha etapa de semiliberdade (art. 74.2 do RP) na que o recluso permanece en prisión unicamente durante a noite, salvo que acepte o seu control fóra do centro mediante dispositivos telemáticos ou outros mecanismos, caso este no que só tería que manterse en prisión o tempo esixido polo seu programa de tratamento, as entrevistas e os controis presenciais (art. 86.4 do RP). Os establecementos de réxime aberto poden ser de tres tipos: centros abertos ou de inserción social, seccións abertas e unidades dependentes (art. 80 do RP). Neste réxime a actividade penitenciaria potenciará as capacidades de inserción social positiva para favorecer a incorporación ao medio social (art. 83). Ademais de suavizarse a vida interior, na que se atenúan as medidas de control, os internos poderán saír para desenvolveren actividades laborais, formativas, familiares, de tratamento ou doutro tipo, que faciliten a integración social, saídas estas que serán planificadas pola Xunta de Tratamento (art. 86), que así mesmo tamén regulará as da fin de semana (art. 87).

Finalmente, a liberdade condicional constitúe o cuarto grao.

De conformidade co artigo 72.3 da LOXP, o interno pode ser clasificado inicialmente en calquera grao, bardante do de liberdade

condicional, pero esta regra xeral relativizouse coas excepcións introducidas pola LO 7/2003, do 30 de xuño. Así, o artigo 36.2 do CP dispón que o condenado a prisión superior a cinco anos non accederá ao terceiro grao ata cumprir a metade da pena, a non ser que o xuíz decida outra cousa. Esta opción é imposible nos casos de terrorismo e delincuencia organizada, aos que a reforma do 22 de xuño de 2010 engade os grupos criminais e, cando a vítima sexa menor de 13 anos, os abusos, agresións sexuais, delitos relativos á prostitución e corrupción de menores, aínda que transforma, con maior acerto, o chamado «período de seguridade» ou regra de acceso ao terceiro grao na prisión superior a cinco anos en excepción. Por outra banda, se por mor das limitacións do artigo 76.1 do CP en materia de concursos a pena que houbese que cumprir fose inferior á metade da suma total das impostas, o artigo 78 do mesmo texto legal establece que a liberdade condicional e o terceiro grao se poderán referir á suma total. Agora ben, nos casos de terrorismo e delincuencia organizada só se accederá ao terceiro grao cando quede por cumprir 1/5 da condena e á liberdade condicional cando reste 1/8.

A liberdade condicional regúlase nos artigos 90 a 93 do CP. É o último grao do sistema de individualización científica e supón que o penado realiza por completo a súa vida fóra do establecemento penitenciario, malia que a dita liberdade está sometida a diversas condicións. Trátase dunha forma de cumprir a condena, aínda que o CP a situase desafortunadamente no capítulo dedicado ás «formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade»; por iso o lexislador de novembro de 2003 engadiu unha referencia expresa á liberdade condicional na rúbrica que encabeza os artigos 80 e seguintes.

Para conceder a liberdade condicional é preciso que se cumpran varios requisitos:

- En primeiro lugar, unicamente se lle pode conceder a quen fose condenado a unha pena privativa de liberdade mediante sentenza penal firme.
- En segundo termo, esíxese que o penado se atope clasificado no terceiro grao do tratamento penitenciario (art. 90.1.a). Supérase deste xeito a defectuosa redacción do anterior CP, que no artigo 98 se refería a que os suxeitos estivesen no último período da condena, cando este xa é a liberdade condicional.
- Despois reclámase a extinción das 3/4 partes da condena (art. 90.1.b), requisito este con tres excepcións que constitúen os casos de liberdade condicional anticipada. O primeiro réxime extraordinario é o dos penados que traballen do artigo 91, no que só se esixe cumprir 2/3 da condena. O seu fundamento radica en que o desenvolvemento continuado de actividades laborais, culturais ou ocupacionais representa un síntoma de rehabilitación, ao mesmo tempo que se pretende incentivar o traballo penitenciario de tal xeito que se compense a eliminada redención de penas polo traballo. A reforma do 30 de xuño de 2003 exclúe desta liberdade condicional os terroristas e mais a delincuencia organizada, pero tamén

permite, se o penado participou en programas de reparación ás vítimas, de tratamento ou de desintoxicación, adiantar a liberdade condicional, tras a metade da condena, ata 90 días por cada ano de cumprimento desta. Os outros dous réximes extraordinarios (art. 92) abranguen, respectivamente, a aqueles que teñan 70 anos ou os cumpran durante a condena e aos enfermos moi graves con padecementos incurables. En ámbolos casos non se esixe ningún mínimo temporal. A excepción fundaméntase, nestes supostos, en razóns humanitarias e de xustiza material, dadas as dificultades para delinquir e o escaso perigo do posible beneficiario.

- En cuarto lugar, precísase que o penado observase boa conduta. Finalmente, é necesaria a existencia dun prognóstico individualizado e favorable de reinserción social, emitido no informe final previsto no artigo 67 da LOXP (art. 90.1.c do CP). Para estes efectos esíxese o pago da responsabilidade civil consonte os puntos 5 e 6 do artigo 72 da LOXP. Ademais, no terrorismo ou na delincuencia organizada tamén se require o abandono das actividades e a colaboración activa coa xustiza.

Respecto ao procedemento para a concesión da liberdade condicional, a autorización correspóndelle ao xuíz de vixilancia penitenciaria. As causas de revogación están constituídas pola comisión dun novo delito e a inobservancia das regras de conduta no caso de que se impuxeran. De se revogar a liberdade condicional, o liberado reingresará en prisión para cumprir o resto da condena, do que se descontarán os días pasados en liberdade condicional (art. 93). Ao contrario do que acontecía no antigo CP, a reincidencia non entraña a perda do tempo que se estivese en liberdade condicional. Non obstante, segundo a reforma do 30 de xuño de 2003, os terroristas que delincan de novo ou que non observen as regras de conduta si que perderán ese tempo.

## **1.2. Localización permanente**

### **1.2.1. Incoherente denominación**

A denominación desta pena leve prevista para faltas, incorporada pola reforma do 25.11.03, resulta incoherente co seu contido segundo o artigo 37 do CP, pois malia que a expresión «localización permanente» suxire unha restrición ou control da liberdade ambulatoria, ao que en realidade obriga a sanción é a permanecer nun determinado lugar — normalmente no domicilio propio—, de acordo coa súa natureza de pena privativa de liberdade. Entraña un retorno ao vello arresto domiciliario, aínda que se concibe como pena principal que se pode executar de maneira discontinua e en lugares distintos ao domicilio, características que a converten nun híbrido dos arrestos de fin de semana e domiciliario. Na medida en que non implica o ingreso nun establecemento penal, constitúe unha alternativa á prisión.



### 1.2.2. Duración

Polo que atinxe á duración, a Lei orgánica (LO) 15/2003 esqueceu citar a extensión mínima desta pena, que debería de ser dun día, malia que ningunha falta se sancione con menos de dous días de localización, unidade diaria indivisible. O artigo 37.1 do CP fixaba en 12 días a duración máxima, pero resultaba quebrantada no artigo 53 na medida en que se permite que para a responsabilidade persoal subsidiaria alcance 30 días, e mesmo nos concursos de faltas poderá abranguer, consonte o artigo 76.1, ata 36 días (isto é, o triplo do tempo da pena máis grave); deste xeito, e combinadas as dúas hipóteses anteriores, cabe que a responsabilidade persoal subsidiaria por non pagar diversas multas correspondentes a varias faltas se cumpra con 90 días de localización. Ante a posibilidade dun cumprimento discontinuo, atenta contra o principio de proporcionalidade o feito de que o lexislador non compensase nin a maior aflicción que supón dilatar a pena no tempo nin as horas de traslado aos outros lugares distintos ao domicilio. Tampouco fixa a LO 15/2003 un prazo máximo para o cumprimento da localización cando se execute de forma fraccionada. A LO 5/2010, do 22 de xuño, corrixe o erro de non mencionar a extensión mínima (art. 33.4.g) e considera a localización permanente tamén pena menos grave cando abrangue de 3 meses e un día a 6 meses (33.3.l e 37.1).

### 1.2.3. Execución

Por regra xeral executarase de xeito ininterrompido, mais o artigo 37.2 do CP tamén permite excepcionalmente o seu cumprimento «durante os sábados e domingos ou de forma non continuada» cando o reo así o solicite (o que exclúe o acordo de oficio), as circunstancias o aconsellen e previa audiencia do ministerio fiscal.

En relación co lugar de execución, o CP non concreta, salvo a referencia ao domicilio do penado, o sitio en que debe executarse a localización, senón que o deixa en mans do xuíz, segundo a súa sentenza ou, consonte a reforma do 2010, tamén mediante auto motivado posterior. Non parece posible o seu cumprimento en centros policiais, por inadecuados e carentes de infraestruturas necesarias; en depósitos municipais de detidos, centros de inserción social ou prisións, debido ao contaxio criminoso —aínda que a LO 5/2010 cambia de opinión nos casos de reiteración comisiva ao permitir o cumprimento en centro penitenciario cando o dispoña un precepto do CP (art. 37.1), réxime excepcional de execución en sábados, domingos e festivos no centro máis próximo ao domicilio do penado que de momento se restrinxen, pola preocupación xerada en importantes núcleos urbanos, ás faltas reiteradas de furto (art. 623.1)—; en sitios abertos, por mor da natureza de pena privativa de liberdade; en poboacións, cidades ou provincias, xa que se transmutaría nunha pena só restritiva de dereitos; no lugar de traballo, dada a esixencia de habitabilidade; nin de modo indistinto e itinerante tanto no domicilio coma nunha biblioteca, pola literalidade do artigo 37, que obriga a «permanecer»; pero si se pode cumprir en lugares pechados e habitables que non sexan propiamente domicilios, como institucións privadas ou públicas, albergues,

residencias, centros sociais, sanitarios, de voluntariado ou talleres ecolóxicos e agrícolas.

Asemade abraia que a exposición de motivos da LO 15/2003 presente semellante pena como fundamentada nas novas tecnoloxías, referíndose á vixilancia electrónica, pero que a dita modalidade de control non se inclúa especificamente para o seguimento da localización no CP, que se debería reformar cunha alusión expresa que faga fronte á posible vulneración de dereitos fundamentais, como agora recolle a reforma do 2010 no artigo 37.4.

Finalmente, e polo que atinxe ao quebrantamento da localización permanente, o artigo 37.3 remite ao 468, segundo o cal unha soa ausencia inustificada do domicilio se castiga con prisión de 6 meses a un ano. Esta pena contraria o principio de proporcionalidade na medida en que, incluso despois da entrada en vigor da LO 5/2010, estamos a falar de faltas, pero que vén imposta polo dogma legalista que só permite distinguir entre a non entrada no domicilio antes de comezar o cumprimento (sancionable con multa de 12 a 24 meses) e o seu abandono unha vez iniciada a execución, que lamentablemente debe ser castigado con prisión.

### **1.3. Responsabilidade persoal subsidiaria**

#### **1.3.1. Introducción**

A responsabilidade persoal subsidiaria é un mecanismo alternativo de execución para o suposto de incumprimento total ou parcial da pena de multa no que se transforma unha sanción pecuniaria nunha pena privativa de liberdade.

Non se trata dunha opción entre o pago da multa e o arresto substitutivo, de xeito que só se chegará á pena privativa de liberdade tras esgotar as posibilidades de cobro da multa.

No que atinxe ao canon de conversión, segundo o artigo 53.1 do CP, cada dúas cotas diarias de multa non satisfeitas equivalen a un día de privación de liberdade.

#### **1.3.2. Duración**

O límite máximo de duración da responsabilidade persoal subsidiaria, dun ano, parece excesivamente amplo porque duplica o tempo máximo do anterior CP. En canto ás faltas, a responsabilidade persoal subsidiaria poderá acadar o mes de duración fronte aos 15 días do antigo CP.

Por outra banda, o límite á imposición da responsabilidade persoal subsidiaria no CP de 1995 era de 4 anos, limitación que se baseaba en razóns humanitarias, de proporcionalidade e de xustiza material, pero a reforma de 25 de novembro de 2003 elevou desproporcionadamente a 5 anos o límite á imposición da responsabilidade persoal subsidiaria.

### **1.3.3. Cumprimento**

Se a responsabilidade procede do non pagamento dunha multa imposta polo sistema de días-multa, a pena executarase como privación de liberdade continua, salvo que o xuíz ou tribunal acorde que se cumpra, previa conformidade do penado, mediante traballos en beneficio da comunidade ou, tratándose de faltas, en réxime de localización permanente.

Non obstante, cando a responsabilidade subsidiaria deriva do non pagamento dunha multa proporcional, só será posible a privación de liberdade continua ou, se o xuíz ou tribunal o determinan e o reo está previamente de acordo, o seu cumprimento a través de traballos en beneficio da comunidade.

Finalmente, a reforma de 22 de xuño de 2010 recoñece a responsabilidade criminal das persoas xurídicas e introduce no artigo 53 do CP un apartado quinto que permite fraccionar o pago da multa 5 anos e admite, a modo de responsabilidade persoal subsidiaria, unha intervención xudicial da empresa ata o pago total da multa.

## **2. Formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade**

### **2.1. Suspensión da súa execución**

A suspensión (arts. 80 a 87 do CP) constitúe unha facultade xudicial –polo que, á diferenza do texto punitivo derogado, non pode operar de xeito imperativo– que unicamente afecta ás penas privativas de liberdade; é dicir: prisión, localización permanente e responsabilidade persoal subsidiaria.

Respecto aos requisitos necesarios para deixar en suspenso a execución destas penas, son catro:

- O criterio básico está representado pola delincuencia primaria, en congruencia co fundamento da suspensión, que se basea na falta de perigo duns infractores aos que se intenta arredar das consecuencias negativas da prisión. Para estes efectos, dentro do concepto de delinquentes primarios inclúense as persoas que cometeran faltas, as condenadas por delitos imprudentes e mais as que tiveran, ou deberan ter, cancelados os seus antecedentes penais (art. 81.1ª). Malia que a presunción de inocencia esixe que unicamente se entenda cometido o delito tras sentenza condenatoria firme, a reforma do 25.11.03 ten en conta procesos en curso para excluír a suspensión (art. 80.1).

- En segundo termo requírese, logo da modificación de 2003, «que a pena ou penas impostas, ou a suma das impostas, non sexa superior a dous anos, sen incluír en tal cómputo a derivada do non pagamento da multa» (art. 81.2ª), redacción coa que o lexislador atina ao suprimir a esixencia de que as penas se impoñan na mesma sentenza, inda que sobra parte do redundante inciso inicial e falta entre «a» e «derivada» unha

referencia á responsabilidade persoal subsidiaria ou á privación de liberdade.

- O terceiro requisito é a satisfacción da responsabilidade civil derivada do delito. Pero dado que, segundo a STC 14/1988, a suspensión non se pode condicionar ao pagamento da responsabilidade civil no caso de que o penado fose insolvente, o artigo 81.3ª prevé a excepción de que se declare xudicialmente a insolvencia parcial ou total do dito penado, unha vez oídas as vítimas e o Ministerio Fiscal.

- Finalmente, nos delitos perseguibles a pedimento de parte esíxese unha audiencia previa do ofendido ou do seu representante legal (art. 86).

Polo que atinxe ao prazo de suspensión, o artigo 80.2 dispón dous períodos: de tres meses a un ano para as penas leves e de dous a cinco anos para o resto. A suspensión condicionarase a que o reo non delinca no prazo fixado e se a pena suspendida fose de prisión o xuíz poderá engadir algunha das condicións adicionais contidas no artigo 83 —ás que a reforma do 22 de xuño de 2010 engade a participación en programas de defensa do medio ambiente e de protección dos animais—, agás nos casos de violencia sexista, nos que a suspensión sempre se condicionará ás prohibicións de acudir a determinados lugares e de aproximarse á vítima, así como á participación en programas de diverso xénero, novidades estas últimas —introducidas en novembro de 2003 e decembro de 2004— que entrañan un automatismo desprezable contrario á flexibilidade da suspensión, afastamentos obrigatorios de dubidosa constitucionalidade polo seu paternalismo, que poden ofender a dignidade da vítima, e programas imperativos que atentan contra a proporcionalidade e o fundamento preventivo-especial da suspensión.

Por outra banda, revogarase a suspensión se o reo delinque no período de proba (art. 84.1), pero o incumprimento das regras de conduta, salvo que sexa reiterado, non leva necesariamente á revogación, pois o xuíz poderaas substituír por outras máis axeitadas ou prorrogar o prazo de suspensión ata un máximo de 5 anos (art. 84.2). Sorprendentemente, as LO 15/2003 e 1/2004 obrigan a revogar a suspensión da prisión nos casos de violencia sexista ante o incumprimento das prohibicións de acudir a determinados lugares, aproximarse á vítima ou comunicarse con ela e da participación en programas (art. 84.3), réxime excepcional desproporcionado que incorpora unha asimetría no sistema de revogación e que elimina a prudencia xudicial.

Por último, a revogación da suspensión entraña a execución da pena; mais remitírase a pena unha vez superado o prazo de proba sen incorrer en causa de revogación (art. 85).

Tamén existen dous supostos especiais de suspensión. O primeiro refírese aos penados que sufran enfermidades moi graves con padecementos incurables e que non teñan outra pena suspendida polo mesmo motivo, para os que o artigo 80.4 permite «a suspensión de calquera pena imposta sen suxeición a requisito ningún», redacción esta que, en consonancia coa rúbrica do capítulo, non hai que entendela no

senso de que amplíe a suspensión alén das penas privativas de liberdade, senón que alude a calquera que sexa a súa duración e só exclúe os requisitos xerais para a concesión do artigo 81, pero non as condicións de mantemento do artigo 83. O segundo suposto está constituído polos casos relacionados coa dependencia de drogas do artigo 87, nos que se esixe que haxa delincuencia funcional (isto é, a xerada pola necesidade de seguir consumindo droga), que a pena non supere os 5 anos (duración ampliada pola LO 15/2003 para abranguer mellor os delitos que habitualmente cometen os toxicómanos) e mais que o penado se atope deshabitado ou sometido a tratamento. Se o carácter de habitual xa non impide a suspensión, dende a LO 15/2003, menos aínda a simple reincidencia, frecuentísima nos drogadictos, para os que o prazo de suspensión se fixa entre 3 e 5 anos. A condición xenérica de mantemento será que non delinca nese período e se os condenados estivesen sometidos a tratamento requirírase, ademais, que non o abandonen ata a súa finalización.

## **2.2. A súa substitución por outras penas**

O artigo 88.1 do CP concede a facultade xudicial de substituír ata un ano de prisión por multa ou traballos en beneficio da comunidade, atendendo ás circunstancias do reo, ao feito, á conduta e mais á reparación do dano. Excepcionalmente, tamén se poderán substituír penas de prisión que non excedan de dous anos cando, tendo en conta as circunstancias do feito e do culpable, se estime que o cumprimento de tales penas vai impedir a prevención e reinserción social deste. Por outra banda, os reos habituais, definidos no artigo 94, non terán acceso a este beneficio, pero si os reincidentes. Respecto aos módulos de conversión, cada día de prisión substituirase por dúas cotas de multa ou unha xornada de traballo. Ademais, é posible impoñer as regras de conduta do artigo 83 mentres dure a substitución. A LO 5/2010, do 22 de xuño, tamén permite substituír a prisión que non exceda de 6 meses por localización permanente, a razón dun día de prisión por outro de localización.

No entanto, en novembro de 2003 e decembro de 2004 dispúxose, para os delitos de violencia sexista, a substitución da prisión unicamente por traballos en beneficio da comunidade, sempre completados con programas de reeducación e tratamento psicolóxico, prohibicións de acudir a determinados lugares, de se aproximar á vítima e comunicar con ela, o cal constitúe unha desproporcionada ampliación de restricións que obriga a impoñer un incomprendible tratamento psicolóxico incluso a quen de xeito ocasional empurre a súa parella ou a ameace levemente e que contradí o fundamento da substitución, pois as prohibicións obrigatorias de achegamento xustificáanse na protección da vítima ante un condenado perigoso, pero entón xa resultaría improcedente esta institución, aínda que a substitución da prisión polos traballos parece, en principio, axeitada para aforrar o alto custo social de manter no cárcere suxeitos que poden prestar un servizo á comunidade e aos cales se arreda dos riscos da

prisión, sobre todo, por evitar unha multa que tamén repercute sobre a vítima nos frecuentes supostos en que esta depende economicamente do agresor, malia que a rixidez do sistema descoñeza que existe violencia machista contra mulleres con independencia patrimonial, casos nos que desaparecería o mencionado inconveniente da sanción pecuniaria. A LO 5/2010 engade a posibilidade de substituír a prisión na violencia sexista por «localización permanente en lugar distinto e separado do domicilio da vítima».

No que atinxe ao quebrantamento da pena substitutiva, produce a volta ao cumprimento da pena principal, mais descontando o tempo satisfeito segundo as regras de conversión, aínda que o artigo 88.2, reformado no ano 2003, esqueceu as xornadas de traballo prestadas, que tamén deben computarse, e a LO 5/2010 tampouco se lembrou dos días de localización cumpridos, que igualmente serán tidos en conta.

Conclúe o artigo 88 cun apartado que prohíbe a substitución de penas substitutivas, que foi cambiado de numeración (de 88.4 a 88.3) pola LO 15/2003, pero carente agora de sentido, pois esa mesma reforma eliminou o arresto de fin de semana, única pena que funcionaba como sanción principal e substitutiva.

Polo que respecta aos supostos especiais de substitución en caso de estranxeiros, o artigo 89.1, logo da LO 11/2003, obriga ao xuíz a substituír as penas privativas de liberdade inferiores a 6 anos impostas a un estranxeiro sen residencia legal en España pola súa expulsión do noso territorio, salvo que, tras audiencia do ministerio fiscal, o xuíz, de xeito excepcional e motivado, entenda que o delito xustifica o cumprimento da pena nun centro penitenciario español. Tamén se expulsa os estranxeiros condenados a prisión igual ou superior a 6 anos cando cumpran as tres cuartas partes da pena, o que constitúe un trato discriminatorio, posto que en tal situación o procedente debería ser a liberdade condicional. A reforma do 22 de xuño de 2010 amplía esta posibilidade, que tamén se daba no acceso ao terceiro grao, á prisión inferior a 6 anos, aínda que na substitución dela por expulsión recupera a audiencia do penado, incorpora outra das partes comparecentes e transforma en excepción a regra da expulsión.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

- Organizarase un *videofórum* sobre a película *A laranxa mecánica* no que se comentarán como se reflicten no filme as diversas teorías da pena na execución da prisión e logo abrirase un debate.
- Antes de abordar os substitutivos penais celebrarase un *café-coloquio* sobre a crise da pena de prisión no que se partirá, para o debate, do texto dun clásico penalista alemán que figura no anexo I.

- Coa axuda da bibliografía recomendada pódese *comentar* individualmente a aplicación dos requisitos para a substitución facultativa da prisión feita pola *resolución xudicial* que aparece no anexo II.
- Elaboraranse *traballos en grupo* sobre epígrafes da unidade didáctica. Cada grupo, de 4 membros, exporá na clase durante un máximo de 20 minutos o seu traballo, explicará os aspectos básicos do tema elixido e responderá as preguntas dos compañeiros. Será obrigatorio citar, polo menos, 5 obras da bibliografía. Facilitaráselles aos outros alumnos un guión no que conste o título do traballo, os integrantes do grupo, un esquema dos puntos que se van a tratar e a bibliografía consultada.
- Presentarase individualmente unha *memoria final* escrita na que se comenten as exposicións de cada grupo, se reflexione sobre o proceso de elaboración dos traballos e a súa relevancia para a materia e na formación como xurista.

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

- A materia da presente unidade didáctica non será obxecto de exame escrito. A realización satisfactoria das actividades propostas, nas que se ponderarán os coñecementos que o alumno demostre sobre o contido da unidade didáctica, representarán un 20% da nota final do curso.
- Nos traballos escritos valorarase a capacidade de síntese, claridade expositiva e propiedade terminolóxica. No traballo en grupo tamén se valorará a participación activa de todos os membros, estrutura da exposición, adecuación ao tempo, uso crítico da bibliografía e creatividade. Penalizarase o plaxio e a excesiva dependencia dunha soa fonte. Igualmente se valorará a asistencia e intervención nos debates, no café-coloquio e no videofórum.
- Nos 2 puntos que se poden sumar ao resultado do exame final sobre os outros contidos da materia, o traballo en grupo representará un 30%, a memoria final outro 30%, o comentario xurisprudencial un 20%, o café-coloquio un 10% e o videofórum outro 10%.

## **ANEXOS**

---

### **Anexo 1**

#### **TEXTO OBXECTO DE DEBATE NO CAFÉ-COLOQUIO:**

«A pena curta privativa de liberdade na súa forma actual é inútil, mesmo danosa. Non intimida, nin mellora, senón que corrompe» (LISZT, Frank von (1890): «*Die Reform der Freiheitsstrafe. Eine Entgegnung auf Adolf Wachs gleichnamige Schrift*», en O MESMO AUTOR, *Strafrechtliche Aufsätze und Vorträge, Erster Band, 1875 bis 1891, J. Guttentag, Berlin, 1905, Photomechanischer Nachdruck, Walter de Gruyter, Berlin, 1970, p. 513*).

### **Anexo 2**

#### **AUTO XUDICIAL PARA O SEU COMENTARIO**

A SECCIÓN PRIMEIRA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE A CORUÑA, CONSTITUÍDA POLOS ILUSTRÍSIMOS SEÑORES D. JUAN LUIS PÍA IGLESIAS-PRESIDENTE, D. JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ JIMÉNEZ, D. IGNACIO ALFREDO PICATOSTE SUEIRAS, Maxistrados, ditou o seguinte:  
AUTO N° 295

En A Coruña, a dezaseis de xuño de dous mil oito.

#### **Antecedentes**

PRIMEIRO.- O Xulgado do Penal Coruña-2 tramita Executoria 678/06, e seguido o seu curso legal, con data once de setembro de dous mil sete ditouse Auto, resolución que unha vez notificada ás partes, foi recorrida en tempo e forma por María Esther; dados os traslados oportunos acordouse seguidamente elevar as actuacións á Audiencia Provincial, para os efectos procedentes.

SEGUNDO.- Recibido o actuado na Oficina de Rexistro e Reparto da Audiencia, por quenda correspondeulle a esta Sección Primeira, co número de rolo 179/08, e pasaron as actuacións para votación e fallo.

Sendo maxistrado relator o Ilmo. Sr. D. JUAN LUIS PÍA IGLESIAS.

#### **Fundamentos**

PRIMEIRO.- Non se acepta a fundamentación da resolución recorrida, salvo en canto non contradiga a deste auto.

SEGUNDO.- Non consta que despois da sentenza que agora se executa o reo incorrera en condutas violentas ou de violencia de xénero,



independentemente de que iso deberá valorarse, no seu caso, ao xulgar esas infraccións se as houbese.

Tampouco cabería, ex arts. 88 e 83 do C. Penal, impoñer outras regras de conduta que as establecidas no auto recorrido, pois as outras solicitadas subsidiariamente pola apelante xa foron impostas como pena ou son inviables e ilegais, como ocorre coa condición de non delinquir, pois non se trata de suspender a execución dunha pena senón de executar unha pena distinta da imposta polo mecanismo da substitución.

A única e esencial discrepancia do Tribunal refírese á natureza do feito que pode encadrarse dentro da violencia de xénero e que permite considerar que o reo xa foi condenado previamente por delito de violencia de xénero, o cal supón demostrar unha propensión a quebrantar normas similares e a afectar ao normal desenvolvemento da vida da apelante, de modo que se imposibilita así considerar a conveniencia da substitución decidida, pois parecen demostrados unhas representacións persoais inaceptables na súa relación coa apelante, así como a reiteración de feitos de suma gravidade.

Só a inexistencia de violencia física nos feitos polos que se lle impuxo a condena pode explicar a substitución, ao que cabe engadir que é criterio moi estendido o que dá preferencia a penas como a que agora se pretende impoñer por substitución, en base a unha eficacia máis intensa da resocialización vía esixencia laboral que a deducida da privación de liberdade, sobre todo se esa privación é de corta duración.

Non obstante, non cabe descoñecer que nestas materias as distincións a efectos de reinserción dos penados, distan de estar absolutamente contrastadas e que o compoñente máis aflitivo da privación de liberdade pode contribuír á prevención especial e por ende á reinserción de xeito moi evidente.

Trátase dunha persoa que despois de lesionar á apelante e ser condenado por isto, non só quebrantou a pena imposta senón que ameazou tamén á apelante, imputacións coas que se conformou así como coa pena cuxa execución se trata, de xeito que era consciente da transcendencia desa conformidade, aínda que tamén o fose da posibilidade de substitución de dita pena, e, sobre todo, era consciente da gravidade e obvia consideración da súa conduta como delituosa.

É dicir, con total desprezo do dereito da apelante a unha vida sen a súa intervención e sen impoñerlle a súa presenza e/ou interferencia e con absoluto desprezo ao mandato xudicial, o reo acercouse á apelante e ameazouna, de xeito que a súa conduta é obxectivamente grave e a pena imposta proporcionada, así que a súa eficacia, dende a perspectiva da reinserción só pode obterse neste caso co cumprimento estrito das penas coas que se conformou.

Non se comparte o criterio segundo o cal se trata dunha persoa perfectamente socializada, porque a reiteración de condutas delituosas graves desmente semellante aserto, aínda que é posible que a súa reinserción sexa máis sinxela ao desempeñar un traballo estable, pero iso demostra que as posibilidades de reinserción derivadas do traballo están case esgotadas, independentemente de que o cumprimento da pena imposta por substitución, necesariamente ha de afectar á súa situación

laboral, sobre todo dende a perspectiva da estabilidade, consecuencia que asumiu ao delinquir novamente contra a apelante, pois as advertencias legais foron moi explícitas e o clima social na persecución de condutas como a despregada polo reo, destaca, ademais do rexeitamento de toda violencia, a gravidade obxectiva da chamada de xénero.

Tampouco cobre a esixencia de reparación/indemnización a promesa formalizada en termos restrinxidos e discutibles ao impugnar o recurso que agora se resolve.

Menos se comparte, por ser tecnicamente incorrecto, o criterio segundo o cal a substitución é competencia exclusiva do Xulgado "a quo", pois se así fose carecería de sentido o recurso, mentres que a substitución de penas está sometida ao control da apelación, tanto en canto á súa motivación como en cuanto á decisión en si, pois se unha decisión é susceptible de recurso, a posibilidade de que se revoque é absoluta, criterio tan común no recurso de apelación que apenas basta con enuncialo para asumilo como parte básica da funcionalidade de todo recurso.

TERCEIRO.- Ao estimarse o recurso interposto deben declararse de oficio as custas causadas na súa tramitación.

VISTOS os artigos de xeral e pertinente aplicación.

Decisión

Con estimación do recurso de apelación interposto por María Esther contra o Auto de once de setembro de dous mil sete, ditado polo Xulgado do Penal Coruña-2, debemos revogar e revogamos dita resolución, debendo executarse nos seus propios termos e sen substitución as penas impostas na executoria, todo isto con expresa declaración de oficio das custas causadas neste recurso.

Notifíquese.

Así por este noso auto acordámolo, mandámolo e asinamos. Dou fe.

PUBLICACIÓN: Na mesma data foi lida e publicada a anterior resolución polo Ilmo. Sr/a. Maxistrado que a ditou, celebrando Audiencia Pública. Dou fe.

DILIXENCIA: Seguidamente procedese a cumprimentar a notificación da anterior resolución. Dou fe.

## **BIBLIOGRAFÍA**

---

ABEL SOUTO, Miguel (2006): *Teorías de la pena y límites al "ius puniendi" desde el Estado democrático*, Madrid: Dilex.  
— (2008): *La pena de localización permanente*, Granada: Comares.

- (2011a): «¿Un nuevo sistema de penas?: la *probation* y la suspensión de la ejecución de la pena», *Revista Penal*, 27.
- (2011b): «Necesidad de alternativas frente a la propensión hacia el punitivismo y sustitución de la pena de prisión según el artículo 88 del Código penal español». En *Homenaje a Landrove Díaz*.
- BERDUGO GÓMEZ DE LA TORRE, Ignacio; ARROYO ZAPATERO, Luis; FERRÉ OLIVÉ, Juan Carlos; GARCÍA RIVAS, Nicolás; SERRANO PIEDECASAS, José Ramón; TERRADILLOS BASOCO, Juan; VICENTE MARTÍNEZ, Rosario de; ACALE SÁNCHEZ, María; NIETO MARTÍN, Adán; DEMETRIO CRESPO, Eduardo e PÉREZ CEPEDA, Ana (2010): *Curso de Derecho penal. Parte general*, Barcelona: Ed. Experiencia.
- CEREZO MIR, José (2004): *Curso de Derecho penal español. Parte general, I. Introducción*, Madrid: Tecnos.
- (2005): *Curso de Derecho penal español 2. Teoría jurídica del delito*, Madrid: Tecnos.
- CERVELLÓ DONDERIS, Vicenta (2006): *Derecho penitenciario*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- COBO DEL ROSAL, Manuel e VIVES ANTÓN, Tomás Salvador (1999): *Derecho penal. Parte general*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- DÍEZ RIPOLLÉS, José Luis (2009): *Derecho penal español. Parte general en esquemas*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, Antonio (2006): *Introducción al Derecho penal*. Madrid: Ed. Arecos.
- GRACIA MARTÍN, Luis; BOLDOVA PASAMAR, Miguel Ángel e ALASTUEY DOBÓN, María del Carmen (2006): *Tratado de las consecuencias jurídicas del delito*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- GRUPO DE ESTUDIOS DE POLÍTICA CRIMINAL (2005): *Una propuesta alternativa al sistema de penas y su ejecución, y a las medidas cautelares personales*, Málaga: Gráficas Luis Mahave.
- LANDROVE DÍAZ, Gerardo (2004): *Introducción al Derecho penal español*, Madrid: Tecnos.
- (2005): *Las consecuencias jurídicas del delito*, Madrid: Tecnos.
- LORENZO SALGADO, José Manuel (1997): «Las penas privativas de libertad en el nuevo Código penal español», *Estudios Penales y Criminológicos*, XX.
- LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel (1996): *Curso de Derecho penal. Parte general I*, Madrid: Universitas.
- MAPELLI CAFFARENA, Borja (2005): *Las consecuencias jurídicas del delito*, Cizur Menor: Thomson/Aranzadi
- MIR PUIG, Santiago (2008), *Derecho penal. Parte general*, Barcelona: Reppertor.
- MORILLAS CUEVA, Lorenzo (2004): *Derecho penal. Parte general. Fundamentos conceptuales y metodológicos del Derecho penal. Ley penal*, Madrid: Dykinson.
- (2008): *Derecho penal. Parte general. Tomo II, vol. I. Teoría jurídica del delito*, Madrid: Dykinson.
- MUÑOZ CONDE, Francisco e GARCÍA ARÁN, Mercedes (2010): *Derecho penal. Parte general*, Valencia: Tirant lo Blanch.

- ORTS BERENGUER, Enrique e GONZÁLEZ CUSSAC, José Luis (2010): *Compendio de Derecho penal. Parte general*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- QUINTERO OLIVARES, Gonzalo, coa colaboración de MORALES PRATS, Fermín (2010): *Parte general del Derecho penal*, Cizur Menor: Aranzadi.
- RODRÍGUEZ RAMOS, Luis (2010): *Compendio de Derecho penal. Parte general*, Madrid: Dykinson.
- TAMARIT SUMALLA, Josep Maria e outros (2005): *Curso de Derecho penitenciario*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- VIVES ANTÓN, Tomás Salvador (coord.) (1996): *Comentarios al Código penal de 1995*, Valencia: Tirant lo Blanch.
- ZUGALDÍA ESPINAR, José Miguel; PÉREZ ALONSO, Esteban Juan e outros (2004): *Derecho penal. Parte general*, Valencia: Tirant lo Blanch.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo de profesores e alumnos de todas as materias e titulacións da universidade



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

